

ANUNCIO

Por orde do Sr. Alcalde, publícase que o día 01-09-2020, ditou a resolución con número 446/2020 seguinte:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CHAMAMENTO A MARGARITA LÓPEZ SANDE PARA CUBRIR O POSTO DE PERSOAL DE APOIO NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE MELIDE SEGUNDO AS BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE APOIO NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE MELIDE APROBADA S SEGUNDO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23/10/2019.

EXPEDIENTE:2020/G003/000489

ANTECEDENTES:

Logo de ver a proposta da Concelleira de Política Social, Igualdade e Saúde, de data 28/8/2020 que no seu tenor literal di:

“Carmen Liñeira Sánchez como responsable da area de Política Social, Igual e Saúde , tendo esta area as competencias con respecto a escola infantil

PROPOÑO :

A contratación para o curso escolar 2020-2021 dun traballador/a como persoal de apoio a media xornada, cuxo horario sería de 10.00 a 14.00 horas.

Dita contratación avalase polo apartado b do punto 1 das bases para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal de apoio da escola infantil do concello de Melide, e xustifícase polo seguintes motivos : • Cumprir (dentro das competencias e capacidades do Concello de Melide) o protocolo de actuación para as escolas infantís 0-3 fronte o coronavirus publicado pola Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia Entre outros puntos de dito manual podemos resaltar : o refrixerio da mañá servirase sempre se xeito individualizado, diversificación dos lugares onde se sirva a comida (punto 6.5.3 do manual) fomentar propostas en pequenos grupos (puntos 6.5.5 do manual). • Para o curso escolar 2020-2021 estarán abertas 3 unidades cun total de 43 alumnos e alumnas. O persoal co que conta a escola infantil neste intre é : directora, 2 mestras e 1 persoal de apoio (atopándose de baixa unha mestra, vacante non cuberta neste intre) aínda que por lei cumprimos coas ratios establecidas, o persoal nestes intres debido a situación COVID é insuficiente. • Adaptar o posto de traballo ou limitar tarefas, que impliquen o contacto do persoal, para evitar unha posible propagación do virus entre as empregadas. • As tarefas encomendadas o persoal da escola infantil vense intensificadas : frecuencia de limpeza de elementos tocados polos nenos e nenas, toma de temperaturas corporais a lo menos dúas veces o día, control de acceso escalonado o centro, etc.

Melide 28 de agosto de 2020”

Logo de ver a subvención “POS+ ADICIONAL 1/2020” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta Deputación, no apartado e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario

Logo de ver as BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE APOIO NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE

exp. 2020/G003/000489

MELIDE, aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 30/10/2019 nas que no punto b) da cláusula primeira que leva por rúbrica “obxecto” di: “ b) para a cobertura doutra/s praza/s de persoal de apoio se fose necesario por razón do servizo, logo de comprobar a existencia de crédito adecuado e suficiente”. E no último parágrafo da cláusula 7 determina : “O procedemento para o nomeamento do persoal da bolsa realizarase conforme aos seguintes trámites:

- Detectada a situación de necesidade e urxencia, a alcaldía- presidencia logo de informe de secretaría e intervención e certificado de consignación orzamentaria, procederá mediante decreto ao chamamento sucesivo dos aspirantes por orde de lista.
- O interesado deberá manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista. A notificación da oferta practicarase individualmente ao interesado nos termos da Lei 39/2015 de 1 de outubro LPACAP, e mediante a publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, sen prexuízo que se intente proceder a contactar co interesado vía telefónica.
- No caso de manifestar o seleccionado o seu interese no prazo dos dous días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar a documentación sinalada na base 2 e 8 no prazo de catro días hábiles dende a recepción da notificación.
- Resolución da alcaldía acordando o nomeamento do candidato que ocupe o primeiro lugar da lista, agás que renuncie ou non conteste ou non presente a documentación dentro dos prazos sinalados, en cuxo caso se nomeará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente”

Logo de ver a acta da comisión seleccionadora do día 27 de novembro de 2019 para a creación dunha BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE APOIO NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE MELIDE, na que se sinala:

“(…) QUEDANDO, POR ORDE DE PUNTUACIÓN, O LISTADO DEFINITIVO PARA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL DE APOIO NA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE MELIDE MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO)

COMO SEGUE:

1º- BEATRIZ TATO CEREIJO	***00****
2º-LAURA BLANCO VARELA	***35****
3º-MARGARITA LÓPEZ SANDE	***80****
4º-LORENA RODRÍGUEZ SANMARTÍN	***33****
5º-TANIA FISTEUS SESTO	***10****
6º-YOHANA VILLARABIDE CARRIL	***06****
7º-Mª JOSE ANDÓN CASTRILLÓN	***39****
8º-ANDREA Mª VÁZQUEZ RODRÍGUEZ	***11****
9º-YOLANDA RIAL VÁZQUEZ	***06****
10º-JESSICA CABO PEREIRO	***08****
11º-RAQUEL CAGIDE TARRIO	***01****
12º-TAMARA MATO MELLA	***61****
13º-NOELIA GALMÁN GESTAL	***19****
14º-SILVIA FOCIÑOS CORDIDO	***35****
15º-IRIA VIDAL LÓPEZ	***10****
16º-LORENA CARREIRA SÁNCHEZ	***03****
17º-MÉLANI LÓPEZ BUGEIRO	***28**** (...)

Logo de ver o certificado de intervención Ref.:303M/2020 de data 31/08/2020 e de asunto: Certificado de existencia de crédito en relación á contratación de 1 persoal de apoio na Escola Infantil no Concello de Melide a media xornada no que di: “No vixente orzamento municipal, existe crédito axeitado e suficiente na bolsa de vinculación xurídica (3-1) para facer fronte ao devandito gasto consistente na contratación dun persoal de apoio na Escola Infantil no Concello de Melide a media xornada ata o 31 de decembro de 2020, sendo que o salario bruto mensual é de 626,77€ con cargo á aplicación orzamentaria 3261/131.00 e de 205,27€ a Seguridade social a cargo do Concello de Melide con cargo á aplicación orzamentaria 3261/160.00. Con respecto á anualidade do exercicio 2021, a consignación

exp. 2020/G003/000489

orxamentaria queda supedita á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do exercicio correspondente ”

Logo de ver o Informe conxunto de Secretaría e Intervención de REF: 2 de xullo de 2020 que ten por título CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS, MODIFICACIÓNS DE CONTRATOS, XESTIÓN DE PERSOAL

Considerando que segundo a proposta da comisión seleccionadora do día 27 de novembro de 2019 enriba transcrita en parte, a seguinte persoa na lista para realizar o chamamento é Margarita López Sande con DNI ***0606**

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Tendo en conta as razóns de urxencia e necesidade recollidas na proposta da concelleira de Política Social, Igualdade e Saúde que se reflexa na parte expositiva desta resolución, e de acordo coas bases para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal de apoio na escola infantil do Concello de Melide, aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 30/10/2019 **proceder ao chamamento** de MARGARITA LÓPEZ SANDE CON DNI ***0606**, por ser neste momento a seguinte persoa que figura na bolsa de emprego segundo a proposta da comisión seleccionadora do día 27 de novembro de 2019, para a súa contratación temporal (obra ou servizo determinado) de persoal de apoio na escola infantil do Concello de Melide para o curso escolar 2020/2021 a media xornada ata o 31 de xullo de 2021 e horario de 10.00 a 14.00 horas, sendo que o salario bruto mensual é de 626,77€ con cargo á aplicación orxamentaria 3261/131.00 e de 205,27€ a Seguridade social a cargo do Concello de Melide con cargo á aplicación orxamentaria 3261/160.00.

SEGUNDO: A interesada deberá manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de 2 días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

TERCEIRO: Notificar a oferta á interesada e proceder á súa publicación no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello, sen prexuízo que se intente proceder a contactar co interesado vía telefónica.

CUARTO: No caso de manifestar a seleccionada o seu interese no prazo dos dous días hábiles dende a notificación, deberá así mesmo presentar a documentación sinalada na base dous e oito da convocatoria no prazo de catro días hábiles dende a recepción da notificación.

QUINTO: Se a candidata acepta procederase ao nomeamento por resolución da alcaldía. Se renuncia ou non contesta ou non presenta a documentación dentro dos prazos sinalados, nomearase ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

SEXTO: Facultase a alcaldía para a realización de cantos trámites sexan necesarios en dereito, contidos nas bases da convocatoria e na lexislación aplicable.

exp. 2020/G003/000489

Ordeno e asino en Melide, martes 1 de setembro de 2020. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García."

O que se publica para os efectos oportunos.

Melide, mércores 2 de setembro de 2020. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.